



Guía para a inscrición no procedemento de acceso e admisión nas ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia

Convocatoria da proba para o curso 2024/25	<u>RESOLUCIÓN do 16 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas e se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2024/25.</u>
---	---

PREGUNTAS FRECUENTES	
1. Que requisitos debo cumprir para acceder ás ensinanzas artísticas superiores?	<p><u>Ensinanzas Artísticas Superiores en xeral:</u></p> <ul style="list-style-type: none">• Requisito de titulación. Debes posuír un dos seguintes títulos:<ul style="list-style-type: none">◦ Título de bacharelato ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos◦ Título de ensinanzas artísticas superiores◦ Título universitario◦ Título de técnico superior• Ter superado a proba específica de acceso <p><u>Ensinanzas Artísticas Superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais e de Deseño por quenda de acceso directo:</u></p> <ul style="list-style-type: none">• Posuír un título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño.
2. Que podo facer se non cumpro o requisito de titulación?	<p><u>Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática, de Conservación e Restauración de Bens Culturais e de Deseño</u></p> <p>→ Maiores de 18 anos, ou que os cumpran no 2024, poderán facer unha <u>proba substitutiva</u> do requisito de titulación.</p> <p><u>Ensinanzas Artísticas Superiores de Música</u></p> <p>→ Maiores de 16 anos, ou que os cumpran no 2024, poderán facer unha <u>proba substitutiva</u> do requisito de titulación.</p> <p>**** Recorda que no caso de querer facer a proba substitutiva do requisito de titulación debes facelo constar na túa solicitude de inscrición.</p>
3. Como me podo inscribir?	<p>Paso 1. Debes cubrir o formulario de inscrición a través de https://www.edu.xunta.gal/eas, empregando o certificado dixital ou sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).</p> <p>* Se non posúes nacionalidade española e non dispós de Documento Nacional de Identidade (DNI) ou Número de Identidade Estranxeiro (NIE) podes acceder ao formulario de inscrición directamente nas secretarías dos centros ou a través da páxina inicial de https://www.edu.xunta.gal/eas/.</p> <p>Paso 2. Imprime unha copia da túa solicitude en canto a confirmes na aplicación e asínaa.</p>



	<p>Paso 3. Debes presentar en prazo esta solicitude asinada xunto coa documentación requirida para o teu caso na secretaría do centro onde solicites facer a proba de acceso, agás se queres acceder a ensinanzas artísticas superiores de Música ou se desexas acceder a través de quenda de acceso directo a ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais ou de Deseño.</p> <ul style="list-style-type: none">• Se queres acceder a <u>ensinanzas artísticas superiores de Música</u> debes entregar esta documentación na túa primeira opción para cursar estudos. Recorda que este ano cada especialidade/itinerario será obxecto de proba específica nun conservatorio concreto, segundo se recolle no anexo V da resolución.• No caso de acceder por quenda de acceso directo ás <u>ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais e de Deseño</u> debes entregar esta documentación na túa primeira opción para cursar estudos.		
<p>4. Que prazo teño para facer a miña inscrición?</p>	<p>Desde o 26 de abril de 2024</p> <table border="1"><tr><td><p><u>Acceso a Ensinanzas Artísticas Superiores de Música:</u> Ata o 21 de maio de 2024</p></td></tr><tr><td><p><u>Acceso a Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática, de Conservación e Restauración de Bens Culturais e de Deseño:</u></p><ul style="list-style-type: none">◆ Se solicitas a realización da proba substitutiva do requisito de titulación: Ata o 21 de maio de 2024◆ Se cumpres o requisito de titulación: Ata o 25 de xuño de 2024</td></tr></table>	<p><u>Acceso a Ensinanzas Artísticas Superiores de Música:</u> Ata o 21 de maio de 2024</p>	<p><u>Acceso a Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática, de Conservación e Restauración de Bens Culturais e de Deseño:</u></p> <ul style="list-style-type: none">◆ Se solicitas a realización da proba substitutiva do requisito de titulación: Ata o 21 de maio de 2024◆ Se cumpres o requisito de titulación: Ata o 25 de xuño de 2024
<p><u>Acceso a Ensinanzas Artísticas Superiores de Música:</u> Ata o 21 de maio de 2024</p>			
<p><u>Acceso a Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática, de Conservación e Restauración de Bens Culturais e de Deseño:</u></p> <ul style="list-style-type: none">◆ Se solicitas a realización da proba substitutiva do requisito de titulación: Ata o 21 de maio de 2024◆ Se cumpres o requisito de titulación: Ata o 25 de xuño de 2024			
<p>5. Onde debo presentar a solicitude e a documentación?</p>	<p>En xeral, na secretaría do centro onde solicites facer a proba de acceso, agás no caso en que queiras acceder a ensinanzas artísticas superiores de Música, que a presentarás no centro que teñas consignado como primeira opción para cursar estudos.</p> <p>Se queres optar á quenda de acceso directo nas ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais ou de Deseño, debes entregar a documentación na secretaría do centro que teñas consignado como primeira opción para cursar estudos.</p>		
<p>6. Que validez temporal ten a proba específica de acceso?</p>	<p>A superación da proba específica faculta só para matricularse no curso académico e especialidade/itinerario para a que foi convocada e realizada.</p>		
<p>7. Que debo levar á proba específica de acceso?</p>	<p>Debes levar o teu documento oficial de identidade e unha copia da solicitude de inscrición, ademais do que determine o tribunal en cada caso.</p> <p>Non esquezas consultar as páxinas web do centro de referencia en cada caso:</p> <ul style="list-style-type: none">• Escola Superior de Arte Dramática de Galicia• Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais• EASD Antonio Faílde• EASD Mestre Mateo• EASD Pablo Picasso• EASD Ramón Falcón• Conservatorio Superior de Música da Coruña• Conservatorio Superior de Música de Vigo		



8. Cando e onde se realizarán as probas específicas de acceso para o curso 2024/25?	<u>Para acceso a ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática:</u> Data: A proba específica comezará a partir do día 8 de xullo de 2024 . Lugar: Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, rúa de Poza Cabalo, s/n, Vigo			
	<u>Para acceso a ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais:</u> Data: A proba específica será o día 5 de xullo de 2024 . Lugar: Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, rúa do Xeneral Martitegui, s/n, Pontevedra.			
	<u>Para acceso a ensinanzas artísticas superiores de Deseño:</u> Data: A proba específica será o día 5 de xullo de 2024 . Lugar: Nas catro EASD de Galicia: <ul style="list-style-type: none">• EASD Antonio Faílde, Avenida da Universidade, 18- A Cuña, Ourense• EASD Mestre Mateo, Virxe da Cerca, 32, Santiago de Compostela• EASD Pablo Picasso, rúa Pelamios, 2, A Coruña• EASD Ramón Falcón, Paseo dos estudantes, 31, Lugo			
	<u>Para acceso a ensinanzas artísticas superiores de Música:</u> Data: A proba específica será a partir do día 10 de xuño de 2024 . Lugar: Nos dous conservatorios superiores de música de Galicia, segundo as especialidades e itinerarios indicados no anexo V da resolución.			
	<table border="1"><tr><td>Conservatorio Superior de Música da Coruña Rúa de Manuel Murguía, 44, A Coruña</td><td><ul style="list-style-type: none">• Especialidade de Composición.• Especialidade de Dirección.• Especialidade de Interpretación, nos seguintes itinerarios: Acordeón, Arpa, Corda fretada, Jazz, Piano e Vento metal.• Especialidade de Pedagogía, no itinerario de Pedagogía xeral e da linguaxe musical.</td></tr><tr><td>Conservatorio Superior de Música de Vigo Rúa de Manuel Olivie, 23, Vigo</td><td><ul style="list-style-type: none">• Especialidade de Interpretación, nos seguintes itinerarios: Canto, Guitarra, Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia, Música antiga, Percusión e Vento madeira.• Especialidade de Musicoloxía, nos seguintes itinerarios: Etnomusicoloxía e Musicoloxía histórica.• Especialidade de Producción e Xestión.</td></tr></table>	Conservatorio Superior de Música da Coruña Rúa de Manuel Murguía, 44, A Coruña	<ul style="list-style-type: none">• Especialidade de Composición.• Especialidade de Dirección.• Especialidade de Interpretación, nos seguintes itinerarios: Acordeón, Arpa, Corda fretada, Jazz, Piano e Vento metal.• Especialidade de Pedagogía, no itinerario de Pedagogía xeral e da linguaxe musical.	Conservatorio Superior de Música de Vigo Rúa de Manuel Olivie, 23, Vigo
Conservatorio Superior de Música da Coruña Rúa de Manuel Murguía, 44, A Coruña	<ul style="list-style-type: none">• Especialidade de Composición.• Especialidade de Dirección.• Especialidade de Interpretación, nos seguintes itinerarios: Acordeón, Arpa, Corda fretada, Jazz, Piano e Vento metal.• Especialidade de Pedagogía, no itinerario de Pedagogía xeral e da linguaxe musical.			
Conservatorio Superior de Música de Vigo Rúa de Manuel Olivie, 23, Vigo	<ul style="list-style-type: none">• Especialidade de Interpretación, nos seguintes itinerarios: Canto, Guitarra, Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia, Música antiga, Percusión e Vento madeira.• Especialidade de Musicoloxía, nos seguintes itinerarios: Etnomusicoloxía e Musicoloxía histórica.• Especialidade de Producción e Xestión.			

| **9. Como podo consultar os resultados?** | Podes consultar os resultados do seguinte xeito: - Resultados da proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato: - Nos taboleiros de anuncios do interior dos centros. - No portal educativo: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/43463> - Na aplicación informática EAS: <https://www.edu.xunta.gal/eas/> - Resultados das probas específicas de acceso e das adxudicacións: - Nos taboleiros de anuncios do interior dos centros. - Na aplicación informática EAS na túa área persoal: <https://www.edu.xunta.gal/eas/> |